

RESOLUCIÓN RETORAL DE 4 DE NOVIEMBRE DE 2010 POIA QUE SE PUBLICA UNHA CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA PARTICIPAR NUN CURSO INTENSIVO SOBRE "INTRODUCCIÓN AS INSTITUCIÓN S E SISTEMAS XURISDICIONAIS EUROPEAS PARA TRADUCIR", QUE TERÁ LUGAR EN VIGO EN XANEIRO E FEBREIRO DE 2011.

O Departamento de Tradución e Lingüística da Universidade de Vigo colabora no marco do programa Erasmus coa Universidade de Bretagne Sud (Francia. Unha das actividades en colaboración con esta universidade é a coorganización xunto coa Hochschule Magdeburg-Stendal, coa que tamén hai convenio, dun Programa intensivo (IP) sobre comparación das diferentes xurisdicións europeas e os procedementos civil e penal para poder realizar traducións dos textos que xeran os devanditos procedementos.

En virtude desta colaboración, esta Reitoría

RESOLVE:

Publicar unha convocatoria de 5 bolsas destinadas a estudantes da Facultade de Tradución do campus de Vigo, do segundo ciclo da Licenciatura en Tradución e Interpretación, así como estudantes dos últimos cursos da Licenciatura de Dereito (Campus de Vigo e de Ourense).

BASES DA CONVOCATORIA

I.- Requisitos dos/as solicitantes:

Os requisitos xerais para todos/as os/as estudantes da Universidade de Vigo son os seguintes:

Estar matriculados/as na Universidade de Vigo no curso 2010-11 en segundo ciclo Licenciatura en Tradución e Interpretación e/ou en segundo ciclo da Licenciatura en Dereito .

Ter un nivel avanzado de coñecementos de inglés e/ou francés.

Ser cidadáns dalgún dos 27 países membros da UE, de Islandia, Liechtenstein e Noruega, ou dun país candidato á adhesión ou posuír o estatuto de residente permanente, de apátrida ou de refuxiado en España.

2.- Duración do curso:

O curso intensivo terá lugar do 24 de xaneiro ao 4 de febreiro de 2011, en Vigo.

3.- Solicitudes e documentación:

O formulario de solicitude atoparase na páxina web da Oficina de Relacións Internacionais: <http://internacional.uvigo.es/ori>. O/A solicitante deberá cubrir o formulario. Unha vez finalizado o proceso deberá imprimir unha copia que se presentará coa seguinte documentación:

-Fotocopia do DNI.

-Currículo.

-Certificacións de coñecementos de idiomas para o alumnado de Dereito segundo o punto 4 desta convocatoria. Os/As estudantes que non presenten ningunha das certificacións solicitadas, deberán realizar unha entrevista á que serán convocados desde a ORI.

4.- Coñecementos de idiomas:

Os coñecementos previos do idioma (Francés e/ou inglés) poderán acreditarse mediante a presentación das seguintes certificacións (niveis mínimos):

Inglés:

Marco Común Europeo de Referencia: nivel B2

Cambridge First Certificate

ALTE: nivel 3

3º curso aprobado na FOI

Curso Diplomado Maestro, lingua estranxeira inglés

Trinity: nivel 6

TOEFL: nivel medio - mínimo 50% - en calquera modalidade

IELTS: nivel 5.0

CERTICAP: nivel 60-74

Pitman en ESOL: nivel intermedio

City & Guilds en ESOL: nivel "Communicator"

CELS: nivel "Vantage" en todas as destrezas

Francés:

3º curso aprobado na EOI

TCF: nivel 2 (Test de Connaissance du Français)

DELF B1

No caso de non presentar ningunha certificación que acredite este coñecemento, os/as estudantes deberán realizar unha proba á que serán convocados desde a Oficina de Relacións Internacionais.

Ademais, todos/as os/as candidatos/as deberán presentarse a unha proba de selección que consistirá en resumir en francés ou inglés unha noticia dun xornal xeneralista de contidos xurídicos. Poderanse utilizar dicionarios na realización da proba. A proba será convocada tras a publicación da lista de admitidos/as.

5.- Prazo e lugar de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta Resolución no rexistro da Universidade de Vigo e rematará o 17 de novembro de 2010.

A solicitude e mais a documentación requirida presentaranse en calquera dos rexistros da Universidade de Vigo ou en calquera outro lugar dos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, modificada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6.- Resolución e notificación

Na FFT e nas facultades de Dereito de Vigo e Ourense publicárase unha relación provisional de admitidos/as e concederase un período de reclamación de 10 días.

A selección definitiva dos/as estudantes será realizada por unha Comisión na que participarán:

-A responsable de Relacións Internacionais da FFT

-As coordinadoras en Vigo das actividades do IP, Susana Cruces Colado e Iolanda Galanes Santos.

A Oficina de Relacións Internacionais fará pública unha resolución motivada co nome dos/as seleccionados/as e dos/as suplentes, podendo ser recorrida esta perante o mesmo órgano que ditou a resolución.

7.- Obrigas dos/as seleccionados/as

Os/As seleccionados/as deberán manifestar a súa aceptación ou renuncia por escrito na Oficina de Relacións Internacionais nun prazo de dez días.

8.- Revogación

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, o interesado poderá optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá a interposición do recurso contencioso-administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Por Delegación (R.R. do 24/06/2010)
O vicerrector de Relacións Internacionais

Martín F. Fernández Iglesias



DILIXENCIA para facer constar que esta Resolución publícase así esta data no boletín da Universidade de Vigo, do 4 de novembro de 2010.

A secretaria de Nicerriño de Relacións Internacionais
Henar Quiroga Salgado

Anexo I: Formulario de solicitude
Convocatoria Curso Intensivo sobre a
“Introdución ás Institucións e Sistemas Xuridiscionais
europeas para traducir”
Universidade de Vigo (España) Xaneiro- Febreiro 2011

Datos do/da estudante			
Apelidos		Data de nacemento	
Nome		DNI	
Nacionalidade		Sexo	Home <input type="checkbox"/> Muller <input type="checkbox"/>
Enderozo permanente:		Enderozo durante o curso 2010-11	
Localidade-Prov.: CP:		Localidade-Prov.: CP:	Válido ata:
Teléfonos de contacto:			
E-mail:	@		

<p>Indique brevemente por qué desexa participar neste curso</p>

Coñecementos lingüísticos (marque o seu nivel: 1 baixo / 3, alto)																		
	Lectura			Escrito			Oral											
Inglés	1	<input type="checkbox"/>	2	<input type="checkbox"/>	3	<input type="checkbox"/>	1	<input type="checkbox"/>	2	<input type="checkbox"/>	3	<input type="checkbox"/>	1	<input type="checkbox"/>	2	<input type="checkbox"/>	3	<input type="checkbox"/>
Francés	1	<input type="checkbox"/>	2	<input type="checkbox"/>	3	<input type="checkbox"/>	1	<input type="checkbox"/>	2	<input type="checkbox"/>	3	<input type="checkbox"/>	1	<input type="checkbox"/>	2	<input type="checkbox"/>	3	<input type="checkbox"/>
	1	<input type="checkbox"/>	2	<input type="checkbox"/>	3	<input type="checkbox"/>	1	<input type="checkbox"/>	2	<input type="checkbox"/>	3	<input type="checkbox"/>	1	<input type="checkbox"/>	2	<input type="checkbox"/>	3	<input type="checkbox"/>

<p>Documentación obrigatoria</p>
DNI
Unha fotografía tamaño carné
CV
Certificacións de coñecementos de idiomas (punto 5 da convocatoria)

Lugar, data e sinatura

